

PAREMOS O SAQUEO!

EMPREGO, SALARIOS E PENSÍONS DIGNAS

Baixo o lema PAREMOS O SAQUEO! Emprego, salarios e pensíons dignas, chamamos a encher as rúas de Galiza este ano o vindeiro 1º de Maio.

Alza de prezos e deterioro das condicións de vida

Estamos a sufrir unha espiral xeneralizada de alza dos prezos e inflación, nomeadamente de bens e produtos básicos de consumo, que está a causar unha importante deterioración nas condicións de vida da clase traballadora e da maioría do pobo galego. Fronte a isto, as medidas que aproban os gobernos seguen sendo insuficientes e o aumento da pobreza é cada día máis visíbel.

Ademais, comprobamos que moitas destas medidas son reformas claramente lesivas e regresivas feitas para satisfacer as duras exixencias da UE para recibir uns envelenados fondos europeos que están a hipotecar o noso futuro.

Ampliación de recortes coa nova reforma das pensíons

Velaí a aprobación dunha nova reforma das pensíons que amplía os recortes, negando o dereito a unha pensión digna, e que consolida as reformas anteriores e aumenta máis o período de cálculo, aos 29 anos (excluindo os peores 24 meses), afondando o resultado que levamos anos acumulando de caída nas contías das pensíons, con especial afectación ás persoas menores de 50 anos.

Esta reforma das pensíons ten lugar nun contexto marcado pola carestía da vida, o secuestro da negociación colectiva pola patronal e os chamamentos a un Pacto de Rendas que ten como obxectivo impor a moderación salarial, imposibilitando calquera recuperación do poder adquisitivo das pensíons e dos salarios, mentres o SMI e as pensíons seguen por baixo do que recomenda a Carta Social Europea.

Avance da precariedade coa nova reforma laboral

Esta regresiva reforma das pensíons súmase á última reforma laboral coa que nin recuperamos nin gañamos dereitos, como consecuencia de sacar adiante unha regulación laboral sen derrogar as de 2010 e 2012.

A un ano da súa entrada en vigor, comprobamos que baixo as novas formas contractuais seguen a medrar a flexibilidade, a inestabilidade laboral e os baixos salarios e avanza imparábel a precariedade (os contratosfixos descontinuos, a tempo parcial, empresas de traballo temporal, axencias de colocación, etc).

Polo tanto, os baixos salarios teñen causa nas permanentes reformas laborais. Así, non é verdade que só sexa a inflación a que explica a pobreza laboral e que ter traballo non significa ter ingresos dignos.

Políticas económicas neoliberais

Neste contexto, o avance da dereita e da ultradereita cómpre confrontalo e non alimentalo facendo as mesmas políticas económicas inxustas que eles fan onde gobernan. No caso galego temos o exemplo: todas estas políticas madrileñas son máis munición que favorece as nefastas políticas do PP en Galiza.

Nesta realidade o capital está tirando proveito da inflación e da carestía da vida, obtendo millónarios beneficios á conta deespecular cos prezos. Velaí están os históricos beneficios da banca e das empresas enerxéticas, que non paran de medrar.

Os grandes anuncios feitos polo Goberno español de novos impostos contra estes enormes beneficios quedaron en bastante pouco ou en case nada.

1º DE MAIO



Desmantelamento masivo do país co goberno de Rueda

Estas políticas económicas e a grave carestía da vida están acelerando o aumento das desigualdades e da pobreza en Galiza, ao que hai que sumar que importantes sectores produtivos e mesmo comarcas enteiros están agonizando.

O Goberno galego de Rueda vive entregado á carreira electoral de Feixoo en Madrid e, como na época de Feixoo, agora Rueda, segue metido nunha acción de desmantelamento masivo do país, reforzando a dependencia económica e política de Galiza ao sistema español, aumentando o empobrecemento das clases populares, negándose a un desenvolvemento galego propio para poder traballar e vivir dignamente no noso país.

Un PP entregado a facilitarlle ao capital español e internacional todo tipo de negocios para facer de Galiza un destino con maiores excesos dun turismo desordenado e descontrolado, coa privatización dos servizos públicos, a eucaliptización do noso monte e consolidando un novo proceso de colonización enerxética, coa actual ofensiva eólica que no franquismo destruíu os ríos e agora vai polas terras, montes e mesmo o mar, e que pon en perigo a sectores sociais que, grazas ao seu traballo, proporcionan alimentos básicos á poboación, e que tal como está planificada é un prexuízo económico e social irreversible.

A mobilización como resposta

Por todas estas razóns, témonos que mobilizar ante a patronal e ante os gobernos, dar resposta a unha realidade económica e social extrema por moito que a disfracen con propaganda e por moito que a encubran no diálogo social, con CCOO e UGT. Diálogo social convertido nunha auténtica fosa común onde se enterran os dereitos laborais e sociais.

Son tempos de loita para confrontar esta situación na negociación colectiva e para conquistar políticas alternativas, exixindo a intervención pública da económica e de sectores estratéxicos, como son o enerxético e o bancario, pero tamén dos mercados, para pór fin á especulación de bens básicos de consumo.

**Son tempos de mobilización para avanzar na defensa dos servizos públicos,
na recuperación económica, na industrialización
e na creación de emprego digno na nosa Terra.**



Manifestación

Lugo: Edificio Sindical, ás 12h.

Burela: Local da CIG, ás 12h.

**10
DE
MAIO**



Confederación Intersindical Galega

www.cig.gal